

## PREMIOS ACADADOS POR NOSO ALUMNADO NOS ÚLTIMOS MESES

*María Peón Lamas* 3º C ESO

Subcampeona cadete de España de Taekwondo.  
Modalidade de Exhibición



*Óscar Peón Lamas* 1º B Bach.

Subcampeón junior de España de Taekwondo.  
Modalidade de Combate



*Eduardo Ramos Novoa* 4ºA ESO

Concesión dunha Beca da Fundación Barrie e  
Amancio Ortega para facer 1º de Bacharelato en  
U.S.A.



*Cristina Bugarín Álvarez* 1ºD Bach.

Obtención do premio de deseño de tarxetas de  
Nadal, convocado pola plataforma "Galicia  
bilingüe".



## CARREIRA SOLIDARIA

O Xoves día 21 de decembro do pasado ano 2012, celebrouse a primeira edición da “Carreira solidaria dse Nadal Illa do Corgo”, coa participación de tres centros de ensino secundario da cidade de Pontevedra.

A prova contou co inestimable apoio do I.M.D. de Pontevedra e na súa organización participaron os tres centros: (IES A Xunqueira II, IES Sánchez Cantón e o noso centro, A Xunqueira I).

Os obxectivos perseguidos trala súa realización foron amplamente acadados, pois conseguíronse una aceptable cantidade de alimentos para o comedor de San Francisco da cidade, e un gran nivel de participación e deportivo. Ó seu éxito sen dúbida axudou a súa perfecta organización e o impecable comportamento de todos os participantes.

Trala grata experiencia de este ano a organización ten interese na súa celebración en anos vindeiros coa previsible ampliación a outros centros.

Así quedou a clasificación final por equipos:

- 1º Premio IES A Xunqueira I
- 2º Premio IES Sánchez Cantón
- 3º Premio IES A Xunqueira II